



PLAN DIGITAL

[CIFP Fraga do Eume]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CIFP FRAGA DO EUME

Avda. Ricardo Sánchez, 3.

15600 Pontedeume – A Coruña.

Telf. 881 930 448 – cifp.fraga.eume@edu.xunta.gal

Web: <https://www.cifpfragadoeume.gal/>

No CIFP Fraga do Eume impartimos ciclos formativos de formación profesional das familias de hostalería e turismo e industrias alimentarias nos graos de básico, medio e superior, e nas modalidades de ordinario, adultos e dual.

Os ciclos neste presente curso escolar son os seguintes:

FAMILIA HOSTALERÍA E TURISMO:

- CB Cociña e restauración
- CM Cociña e gastronomía
- ZM Cociña e gastronomía
- CM Servizos en restauración
- CS Dirección de servizos
- CS Dirección de cociña
- CS Xestión de aloxamentos turísticos (presencial e dual)
- CS Axencias de viaxes e xestión de eventos

FAMILIA DE INDUSTRIAS ALIMENTARIAS:

- CM Pastelería, repostaría e confeitaría

O número de alumnado que cursa estudos no centro é de 350 con un claustro, contando a dirección de 35.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

Con data 14 de xullo de 2021, publícase no DOGA o “*DECRETO 107/2*, neste Decreto, no art.1 establécese que o IES Fraga do Eume se trasforma en CIFP pasando a formar parte de rede de centros integrados de FP de Galicia curso 2021-2022.

O recentemente incorporado CIFP Fraga do Eume, podemos decir que é un CIFP atípico en canto a súa contorna, como poderemos ver na contextualización feita ao longo deste apartado. A maioría dos 23 CIFPs da rede de centros integrados de FP Galicia, están ubicados, ben nas 7 cidades galegas (19 deles) ou ben en pobos con importantes núcleos de poboación (Ribeira, Ponteares, Ribadeo...), mentres que no caso de Pontedeume a poboación ronda so os 7000 habitantes pero debemos entender que o contexto do CIFP, no tocante ao seu ámbito económico, social e laboral de referencia abarca toda a comarca do Eume, Ferrolterra e Ortegál, xa que non hai ningún outro centro ata chegar a Foz que teña as familias profesionais do noso CIFP.

Características territoriais básicas.

A área de influencia do CIFP Fraga do Eume está integrada por tres comarcas e vinte concellos, atendendo á configuración do territorio que podemos considerar como área de mercado e de actividade socioeconómica que xira en torno á cidade de Ferrol, que constitúe o concello de cabeceira. As tres comarcas son a de Ferrol, a do Eume e a do Ortegál.

Os concellos que integran cada unha desas tres comarcas son as seguintes:

-Comarca de Ferrol: Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.

-Comarca do Eume: Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes.

-Comarca do Ortegál: Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira.

É significativo que mais da metade dos concellos que integran estas 3 comarcas son concellos costeiros e varios deles eminentemente turísticos, aumentando considerablemente a súa poboación nos períodos estivais.

A superficie total da área de influencia de Ferrol é de 1554,3 km², o que representa o 5,25 por cento do territorio de Galicia. A comarca de maior tamaño xeográfico é Ferrol, aínda que os concellos de maior superficie son As Pontes, Ortigueira e Monfero. A densidade de poboación da área de influencia é de 126,2 hab./km², cifra situada por riba da media de Galicia, que é de 92,5 hab./km², aínda que das tres comarcas só Ferrol, con 250,6 hab./km² está por riba da media galega.

No referente as infraestruturas críticas para o desenvolvemento económico, son dous os aspectos básicos a comentar: Por un lado, o papel fundamental do Porto de Ferrol, xa relevante na actualidade, pero que está chamado a ser capital no futuro. A súa transición estrutural de porto rexional a zona loxística e estratéxica nas autopistas do mar europeas está condicionada polo desenrolo

futuro de infraestructuras de acceso (ferrocarril) e de tipo loxístico (Plataforma loxística, empresarial e portuaria). Por outra banda, o desenvolvemento dos polígonos industriais da zona foi fundamental para dar resposta á crise derivada da reconversión industrial. A área conta con 11 polígonos e parques empresariais, cunha superficie total de cerca de 8 millóns e medio de m², sendo a actuación industrial máis relevante a do Polígono Río do Pozo en Narón. Sen embargo, as empresas de maior tamaño están enclavadas en localizacións difusas de gran superficie como as de Navantia, Endesa, Megasa ou Reganosa.

A porcentaxe de vivendas principais da área é do 67,06 por cento, superior á media galega (o 65,95 por cento), o de vivendas secundarias é do 12,74 por cento, inferior a media de Galicia (que é do 15,36 por cento), e o de vivendas baleiras é do 20,17 por cento, que está por riba da media de Galicia (18,64 por cento). Formulando trazos definitorios do tipo de vivendas por comarcas, en relación ca media galega, en Ferrol destaca a vivenda principal, no Eume a secundaria e na comarca do Ortegal é moi elevado a porcentaxe de vivendas baleiras. Os concellos da zona con maior porcentaxe de territorio con dinámicas naturais de gran valor ecolóxico e paisaxístico son os da zona das Fragas do Eume, o Ortegal e os concellos da comarca de Ferrol pretos ao Ortegal. Estas zonas, xunto coa de Valdoviño, son tamén as que teñen unha maior superficie de espazos naturais con figuras de protección ambiental (Rede Galega de Espazos Protexidos, Red Natura 2000 e zonas Ramsar).

A base territorial que configura o modelo de ecoloxía urban da área de influencia de Ferrol tería as seguintes características: O centro do modelo, especializado en servizos, con alta densidade de poboación e carácter urban formano o núcleo urban de Ferrol, e a súa extensión cara Narón. Ese núcleo conta con importantes infraestructuras industriais, ao tratarse dunha cidade marítima, centradas no Porto de Ferrol e as instalacións de Navantia, aínda que as infraestructuras industriais para o desenvolvemento económico da área atópanse nun cinturón industrial configurado polos principais polígonos industriais (zonas de Ferrol, Narón, As Pontes, Fene-Cabanas) e instalacións industriais difusas (en Narón e Mugardos, fundamentalmente).

O círculo periférico está integrado básicamente (básicamente) por áreas de carácter rural con edificación dispersa e baixa densidade urban. Nestas zonas conviven grandes áreas de valor ecolóxico (Fragas do Eume, Ría de Ortigueira, Lagoa de Valdoviño) con algunhas zonas desenvolvemento industrial (As Somozas, fundamentalmente). Algúns concellos, debido a súa extensión, localízanse en zonas fronteirizas entre o anel industrial e o periférico, sobre todo o concello de As Pontes, con gran extensión territorial, un elevado nivel de renda por habitante e vinculado economicamente á central térmica de Endesa. Por outra banda, no terceiro anel existen zonas residenciais con maior densidade de poboación como é o caso de Ares.

Dinámica demográfica.

A característica básica da dinámica da poboación na área de influencia de Ferrol nas últimas décadas é o declive demográfico. O número total de habitantes nas tres comarcas pasou de case 204.000 en 2011 a 192.167 en 2018. Isto supón un descenso da poboación na área de influencia de Ferrol do 6,5% por

cento do total, dende os anos previos á reconversión industrial, fronte ao descenso poboacional de Galicia no mesmo período, foi do 2,83 por . A principal excepción a este declive demográfico da área de influencia de Ferrol é o concello de Narón, que aumentou a súa poboación nas últimas tres décadas de media un 35,72 por cen.

A poboación de menos de 16 anos da área de influencia de Ferrol supón o 11,69 por cento da poboación total, dato inferior á media galega, que é do 12,70 por cento. A poboación con idades comprendidas entre 16 e 64 anos representa na área o 62,55 por cento, por debaixo da media de Galicia, que é do 63,30 por cento. O grupo de poboación de maiores de 64 anos é na área de influencia de Ferrol do 25,76 por cento da poboación, superior ao promedio galego do 24 por cento.

A conclusión que se pode obter destes datos de estrutura por idades da poboación en comparación con Galicia é que, ao declive demográfico, hai que engadir un maior grao de envellecemento, unha porcentaxe de poboación en idade de traballar menor e un menor porcentaxe de menores de 16 anos. O concello da área que representa unha clara excepción a esta estrutura demográfica é Narón, que conta con maiores porcentaxes de poboación xoven e en idade de traballar que Galicia e unha menor porcentaxe de poboación de máis de 64 anos ca media galega.

Estrutura económica

O PIB total da área de influencia de Ferrol acadou nos últimos anos cifras próximas aos 4000 millóns de euros, segundo as estimacións dispoñibles na actualidade realizadas polo IGE. Nos últimos anos a actividade económica sufriu un pequeno incremento, inferior ao 2 por cento, fronte a unha redución do 4,22 por cento no conxunto de Galicia. Sen embargo, é preciso sinalar que ese aumento procede basicamente do crecemento da produción da central térmica de As Pontes, tal e como indica o propio IGE. Na comarca de Ferrol, que non recolle o efecto de As Pontes, pode verse que nos últimos anos de crise económica, o PIB comarcal reduciuse un 7,70 por cento, fronte a xa indicada diminución do 4,22 por cento en Galicia. Os concellos da área con maior PIB son Ferrol, con cerca de 1500 millóns de euros, As Pontes, con cerca de 850 millóns e Narón, con algo mais de 600 millóns de euros. O concello da zona con maior renda declarada promedio é As Pontes, con casi 21000 euros, seguido de Cabanas e Ferrol, con cerca de 19000 euros. Narón ten unha renda declarada promedio de case 16000 euros, lixeiramente por riba dos 15586 euros da media galega.

Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

O plan dixital do centro pretende dar un primeiro paso no camiño da dixitalización efectiva e con efecto permanente no centro, adoptando dinámicas que axilicen os procesos documentais, melloren a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe e favorezcan o coidado mediambiental reducindo o uso de papel. Baixo estos tres pilares edificamos un plan dixital dende e para o noso centro, tendo en conta a situación e a casuística da comunidade educativa e as súas infraestruturas.

Sendo conscientes da dificultade que supón adaptarse aos cambios, e sobre todo no eido dixital, a pesares de dar un gran paso no dominio de ferramentas dixitais debido á pandemia da COVID, entendemos que o cambio ten que ser paulatino e coa aceptación e a convicción da comunidade educativa de que é unha mellora na calidade educativa.

O noso centro leva varios anos participando na innovación educativa solicitando proxectos de FPInnova, tales como “Elaboración da cervexa artesá baixo a marca “Quilómetro cero”, “Aproveitamento dos refugallos xerados na elaboración de cervexa artesá para a fabricación de produtos con valor engadido”, “Cafe 5.0. Brazo robótico colaborativo e impresora alimentaria” e “Simulación de procesos en restauración”. Temos concedido un novo proxecto de innovación educativa para o curso 22-23 así como a aula tecnolóxica.

O CIFP Fraga do Eume aposta claramente pola innovación e a dixitalización na educación, dando como resultado un entorno que favorece e promove a formación dixital, ademáis dos proxectos da aula virtual, a web do centro, e no futuro coa implementación deste plan dixital.

O plan dixital do centro pretende axudar en todo o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito cualitativo e cuantitativo e de xeito directo e indirecto.

Con isto queremos dicir que o plan dixital ten accións que se abordan para unha mellora directa dentro da aula para o alumnado e o profesorado, accións que xestionan a parte documental xerada no centro con accións de dixitalización a través dunha sede electrónica de centro, accións que mellorarán a comunicación a través de redes sociais con unha extratexia clara e estudada mostrando o traballo realizado no centro e que o público, alumnado potencial, teña en nós un centro de referencia para a formación.

Todos os obxectivos plantexados están pensados para axudar a acadar dun xeito o outro varios dos obxetivos do plan anual.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022 .

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Este proceso foi guiado pola Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional a través do ADIX (asesores dixitais).

O procedemento seguiu os seguintes pasos:

- Análise da situación do centro: Informe SELFIE e Test de competencia dixital docente (CDD).
- Realización da diagnose da situación do centro a partir dos informes anteriores.
- Temporalización dos pasos a realizar (DAFO-PLAN DE ACCIÓN-PLAN DIXITAL).
- Redacción do plan dixital de centro e aprobación por parte do centro para a súa implantación no seguinte curso escolar 22-23.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No tocante á infraestrutura dixital, o centro conta coa súa propia red Wi-Fi, ademais da proporcionada por Abalar e Edu.xunta; biblioteca con 9 equipos, dúas aulas de informática, con 17 e 19 postos operativos, á disposición de todo o centro; ademais de aulas específicas dotadas con ordenadores nos ciclos nos que se precisan habitualmente.

Todas as aulas teñen polo menos un ordenador, e 5 dispoñen de pantallas dixitais.

Na sala de profesorado hai catro postos de ordenadores, que se prevén ampliar a 5 ou 6 o ano que ven, así como aumentar a zona de enchufes para facilitar o traballo con portátiles para quen prefira esta opción.

Para marzo do curso 22/23 está prevista a finalización da aula tecnolóxica.

No relativo ao **equipamento dispoñible**, para salvar a brecha dixital, coa axuda do Protocolo Educa Dixital, no curso 21/22 proporcionouse un portátil a todo o alumnado que o solicitou.

Como **proxectos específicos de innovación**, hai unha dotación de 15 gafas de realidade virtual empregadas cun programa que permite a simulación dun horno

(con dúas modalidades: de guía ao alumnado para o seu aprendizaxe, e de avaliación mediante test para comprobar o progreso acadado). Co proxecto de innovación “Café 5.0” implementouse un brazo robótico, para o uso na decoración de cafés e pratos con modelos de debuxos. Actualmente, estase a estudar a posibilidade de ampliar o seu uso a servizo de copas de viño, optimizando deste xeito a distribución equitativa de cada botella entre as diferentes copas. Ademais, se dispón de dúas impresoras dixitais (unha de filamentos e outra de resina), así como unha terceira impresora alimentaria, para a decoración de galletas, tartas, etc.

En canto a **servizos dixitais**, o centro conta con Abalar, Aula Virtual, páxina web propia, redes sociais (Facebook, Instagram, TikTok e canle de Youtube) e plataforma de calidade para facilitar a xestión documental (seguimento de programacións, informes, memorias, etc.).

A **xestión do mantemento do equipamento** do centro corre a cargo da persoa encargada da coordinación de TICs, coa axuda de asistencia informática externa, cando é preciso.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Recóllese neste apartado as conclusións extraídas das enquisas realizadas para a elaboración do informe SELFIE e o Test CDD, cuxo análise serviu de base para a confección do DAFO.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		FP
A -Liderado	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3.1
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	2.9
	Alumnado	2.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.4
	Alumnado	3.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.1

	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.8
	Alumnado	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2.9
	Alumnado	2.9
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	20	85
PROVISIONAL	5	10	50
INTERINO	2	5	40
SUBSTITUTO	3	7	42,9

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66.6	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
F.P	66.5	Integrador/a (B1)	80.3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3.7
A2	14	54.9
B1	10	37
B2	-	-
C1	2	7.4
C2	-	-
TOTAL	27	100

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Medios dixitais dispoñibles. Espazos onde desenvolver competencias dixitais (aula tecnolóxicas, aula de emprendemento, viveiro de empresas)	Falta de banco de recursos dixitais. Non dispor de software específico para traballo na aula. Alto número de usuarios usando recursos sen formación. Posibilidade de obsolescencia dos recursos dispoñibles pola falta de uso debido ao descoñecemento do uso e ao excesivo circuíto documental.
	PERSONAL DOCENTE	Ganas de formación do profesorado. Posibilidade de atención personalizada por ter un número menor de alumnado. Desexo de formarse nas competencias dixitais necesarias para afrontar a fenda dixital.	Falta de formación no uso da aula virtual. Falta de tempo para preparación das clases. Dificultade para manter a motivación no aprendizaxe de competencias dixitais.
	ALUMNADO	Gran parte do alumnado son nativos dixitais. Tecnoloxía á súa disposición. Ganas de aprender. Gran capacidade de adaptación ao entorno dixital.	Pérdida de interese debido á obsolescencia nos programas usados no centro. Falta de implicación do alumnado. Falta de formación no uso da aula virtual. Descoñecemento de ofimática.
	OFERTA	Oferta educativa atractiva e con alta inserción laboral. Base ampla de empresas para colaborar na formación.	Formación presencial en exclusiva (no curso presente). Baixa matriculación na oferta educativa do dentro.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Recursos económicos. Potenciación da innovación. Facilidade de organización de cursos para docencia específicos.	Falta de continuidade en proxectos de innovación. Falta de comunicación de proxectos e recursos dispoñibles.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Gran apoio económico e formativo por parte da administración para afrontar a dixitalización.	Excesiva xestión documental para o uso dos recursos dispoñibles.
	LEXISLACIÓN	Ampla normativa para solicitar dixitalización do centro.	Normativa obsoleta e non actualizada. Non existe apartado curricular sobre a adaptación dixital.
	CONTORNA		Localización xeográfica do centro. A dificultade na mobilidade

			<p>podería facilitar a matriculación na ensinanza a distancia.</p> <p>Falta de dixitalización xeral na contorna.</p>
	OUTRAS ENTIDADES	<p>Difusión e captación de matrícula na oferta educativa do centro.</p> <p>Capacidade de creación de banco de recursos dixitais.</p> <p>Dispoñibilidade de entornos de formación dixital para o alumnado.</p> <p>Mellora da aula virtual.</p> <p>Posibilidade de uso dos recursos e medios xa dispoñibles no centro</p>	<p>Proximidade doutra escola de hostalería con mellor comunicación e oferta educativa.</p>

3. Plan de Acción

O plan de acción se desenvolve ao longo de todo o documento e concrétese nas seguintes táboas, numeradas do 1 ao 6, contemplando os obxectivos definidos ao longo do proceso de creación deste plan.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Concretado nas táboas nos seguintes termos:

- Obxectivo 1: Dixitalizar os procesos documentais da xestión do centro (A1)
- Obxectivo 2: Aumentar o emprego da Aula Virtual do centro para o proceso de Ensinanza-Aprendizaxe en todas as modalidades educativas (E3)
- Obxectivo 3: Mellorar a estratexia do centro en Redes Sociais (A2)
- Obxectivo 4: Crear banco de recursos dixitais online para docentes e alumnado (E2)
- Obxectivo 5: Potenciar o uso do material dixital dispoñible no centro (C2)
- Obxectivo 6: Crear un sistema de acollida dixital (guía) (H1-3-4-8; E1-3)

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Cada táboa concreta en cada obxectivo as necesidades específicas de equipamento e infraestruturas para cada un deles sendo o listado a continuación a totalidade delas:

- Formación
- Dispositivos electrónicos
- Web do centro
- Redes sociais

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1:	Dixitalizar os procesos documentais da xestión do centro (A1)				Acadado	
Responsable:	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º de documentos dixitalizados					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	3			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear o soporte dixital dos documentos	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	22/12/2022	Dispositivo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Habilitar sede electrónica na web do centro para xestión documental	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	31/03/2023	Web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Probar e implementar o funcionamento da sede electrónica	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	30/06/2023	Dispositivo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 2:	Aumentar o emprego da Aula Virtual do centro para o proceso de Ensinanza-Aprendizaxe en todas as modalidades educativas (E3)				Acadado	
Responsable:	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Resultados de enquisa de emprego da A-V					
Valor de partida:	Sen datos (asociado a A01.2)					
Valor previsto e data:	15% datos de partida			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Elaborar enquisas inicial e final	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	31/10/2022	Dispositivos electrónicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Realizar enquisa inicial e análise de datos	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	15/11/2022	Dispositivos electrónicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Establecer obxectivos	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	31/01/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Realizar enquisa final e análise de datos	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	15/06/2023	Dispositivos electrónicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:							
OBXECTIVO 3:	Mellorar a estratexia do centro en Redes Sociais (A2)					Acadado	
Responsable:	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º de seguidores						
Valor de partida:	+/-1000						
Valor previsto e data:	30% sobre o valor de partida				30/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Formar ao profesorado na xestión de redes sociais	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	30/04/2023	Formación; redes sociais			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Crear estratexia de difusión en redes sociais	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	30/06/2023				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.3: Implementar a estratexia de difusión	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	30/06/2024	Redes sociais			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora:							
OBXECTIVO 4:	Crear banco de recursos dixitais online para docentes e alumnado (E2)					Acadado	
Responsable:	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º de recursos dixitais						
Valor de partida:	0						
Valor previsto e data:	5				31/01/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Seleccionar os recursos dixitais do banco	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	31/10/2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Vincular o banco á A-V e á web do centro	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	31/01/2023				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.3:	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital					Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora:							
OBXECTIVO 5:	Potenciar o uso do material dixital dispoñible no centro (C2)					Acadado	
Responsable:	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital; Coordinador/a Aula Tecnolóxica					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que utiliza material dixital (registro Aula Tecnolóxica)						
Valor de partida:	10% Claustro						
Valor previsto e data:	25% Claustro				30/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Crear Aula Tecnolóxica	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital; Coordinador/a	31/12/2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Dinaminzar os proxectos de innovación	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital; Coordinador/a	30/06/2024				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.3:						Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora:							
OBXECTIVO 6:	Crear un sistema de acollida dixital (guía) (H1-3-4-8; E1-3)					Acadado	
Responsable:	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Guía dixital creada						
Valor de partida:	0						
Valor previsto e data:	1				31/10/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Seleccionar a información da guía dixital	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	30/03/2023	Dispositivo electrónico		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Desenvolver o contido (manuais, vídeos,...)	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	30/06/2023	Dispositivo electrónico		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Implementar a guía dixital	Coordinador /a TICs; Coordinador/a Plan Dixital	31/10/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión do plan realizarase en varios niveis, primeiro entre o profesorado para que poda aportar e colaborar no desenvolvemento do mesmo, segundo o alumnado para ir traballando con eles e poñendo en práctica parte dos obxetivos e as accións establecidas, terceiro en redes sociais, web do centro, e distintos medios que poidan achegar ó alumando potencial as innovacións tecnolóxicas que estamos a realizar e iso lle motive para realizar a formación con nós.